

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE
ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de novembro de 2023**

Ás 17.11 horas do día 16 de novembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 19 de outubro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que tras varios meses do novo mandato, pregunta cal é a posición sobre o hotel balneario nesta Deputación, se o edificio se vai converter nese hotel balneario, xa que hai concedida algunha subvención. Quere saber se vai adiante ou non.

O Sr. presidente reitera o que xa lle dixo varias veces, hai un proceso de declaración da condición da auga como mineiro-medicinal e o seu aproveitamento. Mentres non estean resoltas estas cuestións non ten sentido decidir. Sobre a cuestión da auga mineiro-medicinal non cre que existan problemas respecto ña calidade da auga, pero tamén resta o aproveitamento.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se se sabe cando vai ser declarada a auga como mineiro-medicinal, se é unha cuestión de meses ou anos.

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Ppular, responde que é unha cuestión que compete ao ministerio. Pagáronse as taxas, e aínda non lle pasaron o expediente á Xunta de Galicia. Están chamando para interesarse polo expediente.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

